

## RESOLUCIÓN REITORAL DO 10 DE MARZO DE 2017 POLA QUE SE ESTABLECE NOVO PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES DE AVALIACIÓN DA ACTIVIDADE DOCENTE 2016.

Resultos os recursos de reposición contra a Resolución Reitoral do 10 de novembro de 2016, relativa a avaliación da actividade docente do persoal funcionario de carreira dos corpos docentes universitarios e o profesorado contratado doutor fixo, pola non inclusión do profesorado contratado doutor interino, co obxecto de garantir a continuidade do proceso de avaliación previsto no artigo 2.3 c) do Real decreto 1086/1989, do 28 de agosto, sobre retribucións do profesorado universitario,

### ESTA REITORÍA RESOLVE:

**Primeiro.** O persoal funcionario interino dos corpos docentes universitarios e o profesorado contratado doutor interino, en servizo activo e réxime de dedicación a tempo completo o 31 de decembro de 2016, e que cumpran dentro do ano 2016 cinco anos de servizos docentes sen avaliar a tempo completo ou período equivalente se se prestou en réxime de dedicación a tempo parcial, poderán presentar as súas solicitudes de avaliación docente segundo a normativa e procedemento establecido na Resolución Reitoral do 10 de novembro de 2016.

**Segundo.** O prazo de presentación de solicitudes comezará a partir da publicación da presente convocatoria e **ata o 07 de abril de 2017.**

**Terceiro.** As persoas interesadas deberán presentar as súas solicitudes no Rexistro Xeral ou auxiliares desta universidade ou por calquera dos medios aos que se refire o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, 10 de marzo de 2017  
O reitor



Salustiano Mato de la Iglesia

